

2018

Documento marco. IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021)



Contido

Resumo executivo	2
Presentación	3
1. Unha renovada acción exterior no contexto da Axenda 2030 das Nacións Unidas e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible	4
2. A axenda de eficacia do desenvolvemento e a xestión orientada a resultados de desenvolvemento	7
3. Unha cooperación galega orientada á aprendizaxe, á transparencia e á rendición de contas	8
4. Lóxica estratéxica do IV Plan Director da Cooperación Galega	9
5. Proposta marco da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE para os principais indicadores do IV Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento	11

Resumo executivo

1. A Xunta de Galicia propón unha estratexia de cooperación ao desenvolvemento para o período 2018-2021 **aliñada coa axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas** que contribúa aos esforzos colectivos da cidadanía galega e dos actores públicos e axentes de cooperación para promover os **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)**.
2. A Axenda 2030 e os ODS demandan unha política pública de cooperación centrada na xeración de cambios positivos e sostibles nas condicións de vida das **persoas** nas comunidades e países cos que se asocia a cooperación galega, promovendo **alianzas** para a conservación do noso **planeta**, a construción da **paz** e unha **prosperidade** compartida.
3. A Cooperación Galega dará continuidade á planificación estratéxica baseada no modelo de **xestión orientada a resultados de desenvolvemento** suxerindo 4 orientacións estratéxicas aliñadas coas esferas da Axenda 2030; 7 resultados de xestión; 20 liñas de acción e 30 indicadores.
4. A Cooperación Galega reforzará o seu **valor engadido e vantaxes comparativas** para o cumprimento dos ODS con base nos seguintes elementos:
 - a. **Maior previsibilidade:** con garantías de estabilidade na súa dotación orzamentaria para un maior impacto, eficacia e calidade das súas actuacións definindo un mínimo de ao menos 5 millóns de euros anuais e cunha previsión de crecemento anual mínimo do 11,4%.
 - b. **Concentrada xeograficamente:** coa candidatura de ao menos 10 países prioritarios (Cabo Verde, Mozambique, Bolivia, Ecuador, Perú, República Dominicana, Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador) que recibirán como mínimo o 90% da axuda en cooperación ao desenvolvemento.
 - c. **Especializada nos sectores nos que conta con vantaxes comparativas:** o 90% da axuda en cooperación exterior destinada a agricultura e desenvolvemento rural, pesca e acuicultura, educación, saúde e políticas/programas de saúde sexual e reprodutiva; xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento. E coa proposta dun novo sector de especialización: fortalecemento da sociedade civil e empoderamento das mulleres.
 - d. **Que axuda a salvar vidas:** a través dunha acción humanitaria integral e de calidade coordinada coa cooperación española e coas cooperación autónómicas e aliada coas organizacións do sistema das Nacións Unidas.
 - e. **Que profunda nas súas aprendizaxes para unha cooperación de calidade:** a través das avaliacións externas e independentes das súas actuacións e dos estudos sobre o sector da cooperación ao desenvolvemento en Galicia, compartindo estas aprendizaxes co resto de actores de cooperación.
 - f. **Que promove a innovación:** fomentando o diálogo e coherencia de políticas a través da progresiva implantación da Axenda 2030 na administración pública galega a nivel local e autonómico; aprendendo e profundando na experiencia da Xunta de Galicia nas alianzas de traballo nos sectores de especialización da cooperación galega, e mais executando a estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
5. A Cooperación Galega dará continuidade aos **procesos de fortalecemento da capacidade técnica e institucional dos axentes galegos de cooperación** para unha cooperación eficaz e de calidade no marco dos ODS reforzando as súas alianzas estratéxicas coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades.
6. A Cooperación Galega fomentará a **transparencia e rendición de contas á cidadanía galega dos logros colectivos na consecución dos ODS**.

Presentación

Con este documento a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE) quere presentar ao conxunto de actores e axentes galegos de cooperación unha proposta marco que facilite o debate e o diálogo entre os axentes de cooperación de cara ó proceso de planificación estratéxica da cooperación galega para o período 2018-2021.

Este documento marco baséase nos seguintes **elementos**:

- a) A Axenda 2030 das Nacións Unidas e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).
- b) O modelo de xestión orientada a resultados reflectido no III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017).
- c) Os resultados da avaliación intermedia e final do III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017).
- d) A consolidación dos procesos de mellora da calidade e eficacia da cooperación galega impulsados polos anteriores Plans Directores.

Este documento organízase en **cinco seccións**:

- a) A primeira sección presenta a nova axenda global de desenvolvemento materializada na Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas e os ODS no marco da renovada acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A segunda sección sinala a utilidade e pertinencia do modelo de xestión orientada a resultados para o cumprimento da axenda da eficacia do desenvolvemento.
- c) A terceira sección define a necesidade de dar continuidade no vindeiro Plan Director aos procesos e mecanismos de transparencia e rendición de contas da cooperación galega e profundar no reforzamento das capacidades do sistema galego de cooperación a través da construción en man común de aprendizaxes colectivas.
- d) A cuarta sección actualiza a lóxica estratéxica que artellará o IV Plan Director con base no marco estratéxico do anterior Plan Director.
- e) A quinta sección desenvolve a proposta marco que desde esta Dirección Xeral se propón aos actores e axentes galegos de cooperación co fin de definir un marco para o diálogo e o debate con base nas condicións de posibilidade financeiras, técnicas e de capacidade da cooperación galega.

Durante os meses de febreiro e marzo de 2018 ofrecerase a oportunidade ao conxunto de axentes de cooperación para achegar as súas suxestións a este documento marco. Está previsto que se celebren xuntanzas, encontros e entrevistas cos axentes de cooperación co fin de facilitar o debate e de que os actores e persoas interesadas poidan presentar as súas achegas e propostas a este documento. Tamén poderán enviar as mesmas ao correo electrónico plandirectorgalicia@outlook.es ou ben concertando unha entrevista ou xuntanza de traballo co consultor responsable do proceso de planificación, Xosé L. Pastoriza Rozas, no teléfono 606 252 439.

1. Unha renovada acción exterior no contexto da Axenda 2030 das Nacións Unidas e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

En setembro de 2015, as Nacións Unidas aprobaron a **Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible**, resultado dun amplo proceso de negociación e consulta aberto e participativo no que se implicaron representantes oficiais dos 193 estados membros das Nacións Unidas, organizacións da sociedade civil, universidades, o sector privado e a cidadanía mundial. Esta renovada axenda global para o desenvolvemento substitúe á plasmada na Declaración do Milenio do ano 2000 e que se materializou nos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), marco estratéxico ao abeiro do cal se desenvolveron os tres primeiros plans directores da Cooperación Galega.

Esta nova axenda presenta unha visión máis ambiciosa e holística do desenvolvemento sostible integrando nos seus **17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)** e 169 metas as dimensións económica, social e ambiental.



A Axenda 2030 presenta tres novidades que marcan a diferenza con respecto dos ODM:

1. **Universalidade:** impondo responsabilidades compartidas ao conxunto de estados que integran a comunidade internacional en tódolos niveis de gobernanza supraestatal, estatal e local.
2. **Integralidade:** reflectindo a multidimensionalidade dos procesos de desenvolvemento.
3. **Diversidade:** promovendo a xeración de alianzas e espazos multiactor de tal xeito que cada actor poida fornecer unha achega significativa e relevante aos procesos de desenvolvemento sostible.

Xa que logo, a Axenda 2030 constituirá o marco global no que se desenvolverán os vindeiros tres plans directores da Cooperación Galega de tal xeito que se fai preciso profundar na acomodación desta axenda á identidade singular da política pública galega de cooperación para o desenvolvemento.

A **Unión Europea** ten asumido a Axenda 2030 a través da aprobación en 2017 do “Novo consenso europeo sobre desenvolvemento. O noso mundo, a nosa dignidade, o noso futuro”. A DXREE e UE participou na súa elaboración a través do ditame do Comité Europeo das Rexións sobre o novo consenso europeo sobre desenvolvemento do que foi relator o Director Xeral, D. Jesús Gamallo Aller. Neste ditame reiterouse o valor da Axenda 2030 e a achega específica que a cooperación oficial descentralizada ao desenvolvemento pode realizar nos seguintes aspectos:

1. A xeración de asociacións e alianzas de desenvolvemento sostible a longo prazo e irmanamentos con institucións homólogas nos países socios reforzando a apropiación democrática local dos procesos de desenvolvemento sostible.
2. A aposta pola educación para a cidadanía global e a comunicación para o desenvolvemento sostible no nivel da concienciación crítica da sociedade e da mobilización social a favor dun maior compromiso coa participación solidaria e coa política pública de cooperación.
3. A maior capacidade de resposta ás necesidades locais pola súa proximidade e presenza territorial así como polo desenvolvemento de coñecementos especializados nos sectores que tradicionalmente propician a redución da pobreza (urbanización, auga e saneamento, xestión de residuos, servizos sociais, etc.), capitalizando as súas propias capacidades para a xestión de políticas públicas de benestar a nivel local e rexional na loita contra a pobreza, a exclusión e marxinación social, a desigualdade e na promoción da cohesión social e o desenvolvemento sostible.
4. A experiencia e competencias en desenvolvemento territorial e local, descentralización e fortalecemento da gobernanza democrática local.
5. A promoción de asociacións multiactor cun alto protagonismo, liderado e participación das organizacións da sociedade civil nos países socios e en Europa.

A **nivel estatal**, desde 2014 a cooperación descentralizada oficial ao desenvolvemento como ámbito da acción exterior das Comunidades Autónomas e da administración local, tense adecuado ao marco renovado da acción do exterior do estado, tal e como se define na *Lei 2/2014, de 25 de marzo, da Acción e do servizo Exterior do Estado* e na *Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais*, A Comunidade Autónoma de Galicia reflectiu esta nova normativa a través de dous decretos: o *Decreto 178/2015, do 26 novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia* e mais o *Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento*.

Ao tempo, en 2017 definiuse colectivamente a **acción exterior de Galicia** a través da *Estratexia galega de acción exterior. Horizonte post-2020*, na que se establece un marco de coordinación, cooperación e colaboración do conxunto de actores e axentes galegos da acción exterior. A cooperación para o desenvolvemento reconécese como un ámbito sectorial prioritario no marco da Axenda 2030 e os ODS, mais que debe fomentar a coherencia e complementariedade coa cooperación europea e española mediante a posta en valor da súas vantaxes comparativas. Neste senso, o IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) promoverá a coherencia estratéxica, a coordinación operativa e a complementariedade de esforzos co vindeiro V Plan Director da Cooperación Española (2018-2021).

O compromiso da administración autonómica e do Goberno galego coa axenda global de desenvolvemento e a asunción da súa responsabilidade compartida nos procesos multinivel para acadar o seu cumprimento como administración pública sub-estatal, tense posto de manifesto na encomenda da elaboración dun estudo verbo da **implementación da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible pola Xunta de Galicia**. Este estudo ofrecerá unha visión integral das achegas de Galicia aos ODS tanto a nivel interno, a través das políticas públicas galegas, como a nivel externo, a través da acción exterior pública e privada.

Por tanto, este documento marco asume todos estes referentes normativos, estratéxicos e operativos focalizando os recursos, capacidades e activos da Cooperación Galega na realización da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible e os ODS e metas que a materializan, así como do seu marco de resultados e indicadores propostos.

Cadro 1: Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

- 1.- Poñer fin á pobreza en tódalas súas formas e en todo o mundo
- 2.- Poñer fin á fame, acadar a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura sostible.
- 3.- Garantir unha vida sa e promover o benestar de tódalas persoas a tódalas idades.
- 4.- Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para tódalas persoas.
- 5.- Lograr a igualdade de xénero e empoderar a tódalas mulleres e as nenas.
- 6.- Garantir a dispoñibilidade e a Xestión sostible da auga e o saneamento para tódalas persoas.
- 7.- Garantir o acceso a unha enerxía accesible, fiable, sostible e moderna para tódalas persoas.
- 8.- Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, o pleno emprego e produtivo e o traballo decente para tódalas persoas.
- 9.- Construír infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sostible e fomentar a innovación.
- 10.- Reducir a desigualdade nos países e entre eles.
- 11.- Lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles.
- 12.- Garantir modalidades de consumo e produción sostibles.
- 13.- Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos.
- 14.- Conservar e empregar sostiblemente os océanos, os mares e os recursos mariños para o desenvolvemento sostible.
- 15.- Protexer, restablecer e promover o uso sostible dos ecosistemas terrestres, xestionar sostiblemente os bosques, loitar contra a desertificación, deter e invertir a degradación das terras e deter a perda da biodiversidade.
- 16.- Promover sociedade pacíficas e inclusivas para o desenvolvemento sostible, facilitar o acceso á xustiza para todos e construír a tódolos niveis institucións eficaces e inclusivas que rendan contas.
- 17.- Fortalecer os medios de implementación e revitalizar a Alianza Mundial para o Desenvolvemento Sostible.

2. A axenda de eficacia do desenvolvemento e a xestión orientada a resultados de desenvolvemento

O IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) aspira a profundar no itinerario de modernización estratéxica definido nos anteriores Planes Directores que facilitaron un proceso de organización e racionalización da axuda galega cara a unha maior eficacia, calidade e impacto.

Por mor dos resultados positivos da implementación dos criterios de eficacia e calidade da axuda e do modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento no III Plan Director -tal e como se reflicten na súa avaliación intermedia e final-, este proceso de planificación estratéxica participativa profundará no **aliñamento dos activos, recursos e capacidades da cooperación galega co marco definido pola Axenda 2030 e os ODS** que teñen reflexo no deseño estratéxico do V Plan Director da Cooperación Española (2018-2021).

O Comité de Axuda ao Desenvolvemento da OCDE define os **resultados de desenvolvemento** como os “cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas, que se reflicten na redución da pobreza e no desenvolvemento sostido e sostible”. Por este motivo, este modelo de xestión centra a súa atención no efecto que os esforzos colectivos en prol do desenvolvemento teñen sobre as vidas das persoas pobres e vulnerables.

O emprego deste modelo de xestión implica **catro elementos centrais** que se deben integrar nas prácticas de xestión da cooperación galega:

1. Orientar sistematicamente os esforzos e recursos da cooperación galega cara á consecución de resultados ou cambios que supoñan melloras evidentes e verificables na calidade de vida das persoas no marco dos ODS.
2. Xestionar coordinadamente un eficaz reparto de tarefas entre os múltiples actores e axentes galegos de desenvolvemento.
3. Facilitar o seguimento, a toma de decisións e a aprendizaxe con base en datos, feitos e evidencias.
4. Promover a transparencia e rendición de contas sobre o efectivamente logrado en relación aos fondos empregados pola cooperación galega.

Xa que logo, a proposta de dar continuidade a este modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento facilitaría **tres aspectos** significativos no novo ciclo de planificación:

1. A **harmonización** da planificación estratéxica da cooperación galega, do seu marco de resultados e da súa xestión coa planificación global da cooperación española e europea.
2. O reforzamento da **coherencia** da cooperación galega coa Axenda 2030 das Nacións Unidas e os ODS e coa cooperación europea e española.
3. A posta en valor das **vantaxes comparativas** da cooperación galega e da súa achega específica ao desenvolvemento dos países socios.

3. Unha cooperación galega orientada á aprendizaxe, á transparencia e á rendición de contas

A experiencia na xestión eficiente do marco de resultados do III Plan Director da Cooperación Galega por parte do actual equipo técnico da DXRREE e UE establece un punto de partida razoable e adecuado para dar continuidade á lóxica de xestión desta política pública da Xunta de Galicia con base na xestión orientada a resultados.

O novo ciclo de planificación basearase na **definición participativa e inclusiva da estratexia da Cooperación Galega** para os vindeiros catro anos xunto coa posta en valor da capacidade demostrada previamente polo conxunto de actores e axentes da cooperación galega para acadar as metas e obxectivos definidos no marco de resultados do III Plan Director. Por este motivo, o vindeiro Plan Director profundará en tres eidos complementarios:

1. A aposta pola **transparencia** do conxunto de actores e axentes da cooperación galega para render contas á cidadanía verbo do valor e impacto da axuda financiada a través dos seus impostos.
2. A **toma de decisións** con base en información de calidade e relevante que achegue datos, feitos e evidencias profundando na mellora dos instrumentos de seguimento e avaliación.
3. A **aprendizaxe organizativa** do conxunto de axentes e actores da cooperación galega a través da apertura de espazos para o intercambio de coñecementos, prácticas e resultados.

Xa que logo, este modelo de xestión demandará a asignación de recursos financeiros suficientes para dar continuidade ao impulso das prácticas de avaliación en todas as actividades da cooperación galega así como a promoción activa da investigación sobre desenvolvemento.

Por último, investiranse recursos en facilitar os procesos de construción colectiva de aprendizaxes que, de vez, retroalimenten os procesos de reforzamento de capacidade dos actores e axentes galegos de cooperación. Con este fin definiranse en diálogo cos actores e axentes de cooperación aqueles mecanismos e espazos adecuados para a **rendición solidaria de contas e transparencia** respecto do impacto das actuacións financiadas con recursos públicos.


Estes procesos materializaranse en:

1. A execución dun plan anual de avaliacións das intervencións nos eidos de cooperación ao desenvolvemento e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
2. A realización de estudos e investigacións sobre o sector da cooperación.
3. A organización de encontros públicos para a socialización dos resultados das avaliacións e investigacións financiadas pola Cooperación Galega.
4. A actualización da información dispoñible na web da Cooperación Galega e o reforzamento das accións de comunicación pública dos nosos logros colectivos na consecución dos ODS.

4. Lóxica estratéxica do IV Plan Director da Cooperación Galega

O novo Plan Director da cooperación galega desenvolverá unha lóxica estratéxica baseada no modelo xa definido previamente polo III Plan Director da Cooperación Galega.

Figura 1: Lóxica estratéxica do IV Plan Director da Cooperación Galega



Esta lóxica estratéxica reflectirase, de vez, na estrutura do IV Plan Director e do seu marco de resultados de xestión.

Figura 2: Esquema da planificación estratéxica do IV Plan Director da Cooperación Galega



Tal e como describe a figura anterior, o IV Plan Director debe dar continuidade ao marco estratéxico simplificado e operativo do III Plan Director baseado no criterio proposto polo **modelo de xestión orientada a resultados** de promover unha maior simplicidade mediante un maior alcance na formulación dos resultados, liñas de acción e indicadores.

Este novo proceso de planificación artellarase arredor de:

1. **4 obxectivos estratéxicos** aliñados coas esferas da Axenda 2030.

2. Un máximo de **7 resultados de xestión**
3. Un máximo de **20 liñas de acción**.
4. Un máximo de **30 indicadores** para o seguimento do progreso e execución.

Por **orientacións estratéxicas** entendemos os propósitos xerais que se desexa conseguir en termos de avances no desenvolvemento das sociedades dos países socios e de melloras nas condicións de vida das persoas. A cooperación galega asumirá as orientacións estratéxicas da cooperación española que se corresponden coas esferas da Axenda 2030: as **persoas** no centro; preservar o noso **planeta**; unha **prosperidade** compartida; e construír a **paz**. Estas catro esferas complementáanse coa construción de **alianzas**, como quinto pilar da devandita axenda.

Por **resultados de xestión** entendemos os logros relativos a aqueles aspectos internos organizativos que a cooperación galega debe acometer para apoiar a consecución dos resultados de desenvolvemento. A través do reforzamento e dos cambios nas capacidades dos actores galegos de cooperación impulsarase o proceso de consolidación dunha cooperación eficaz para o desenvolvemento.

Cadro 2: Esferas da Axenda 2030

- Poñer fin á pobreza e á fame en todas as súas formas e dimensións, fomentar a resiliencia e mirar porque todos os seres humanos poidan realizar o seu potencial con dignidade e igualdade nun medio ambiente saudable. As **persoas** no centro.
- Protexer o planeta contra a degradación, mediante a produción e o consumo sostibles, a xestión sostible dos recursos naturais e a través de medidas urxentes para facer fronte ao cambio climático. Preservar o noso **planeta**.
- Fomentar un desenvolvemento económico, integrado, inclusivo e sostible, que reduza a desigualdade, reforce a equidade e as capacidades das persoas, para que todos os seres humanos poidan gozar dunha vida próspera e plena. Unha **prosperidade** compartida.
- Propiciar sociedades pacíficas, xustas e inclusivas, libres do temor e da violencia. Construír a **paz**.
- Mobilizar os medios necesarios para implementar a Axenda 2030 e promover un espírito de maior solidariedade mundial que se centre particularmente nas necesidades das persoas máis pobres e vulnerables, coa colaboración de todos os países, todas as partes interesadas e todas as persoas. Construír **alianzas**.

5. Proposta marco da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE para os principais indicadores do IV Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento

Co obxectivo de facilitar o diálogo e a participación do conxunto de actores da cooperación galega, a DXRREE e UE presenta a seguir unha proposta marco en relación aos principais elementos estruturais e indicadores do IV Plan Director da Cooperación Galega.¹

1. Misión

O III Plan Director actualizou a misión da Cooperación Galega afirmando:

“Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas, que se reflicten na redución da pobreza e das desigualdades e mais na promoción do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible das persoas, dos países e comunidades cos que se asocia a Cooperación Galega”.

Co fin de adecuar a declaración de **misión** á Axenda 2030, a DXRREE e UE realiza a seguinte proposta para o IV Plan Director:

“Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, construír a resiliencia de persoas e comunidades, reducir as desigualdades, promover os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e favorecer modelos de produción e de consumo sostibles e a conservación do planeta. As accións da Cooperación Galega orientaranse tanto á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para a realización do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible dos países e comunidades cos que se asocia a cooperación galega como á construción dunha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.”

2. Visión

No I Plan Director afirmáronse os principios artelladores da Cooperación Galega.

Cadro 3: Principios da Cooperación Galega

1. *O ser humano debe constituír o centro dos esforzos do desenvolvemento.*
2. *O desenvolvemento constitúe un proceso multidimensional e non simplemente económico.*
3. *O desenvolvemento ten que se concibir como opción de realización dos pobos.*
4. *O desenvolvemento constitúe unha responsabilidade compartida.*
5. *A xustificación última do proceso de desenvolvemento descansa na conquista efectiva dos dereitos para as persoas*

¹ As porcentaxes suxeridas en relación a algúns dos indicadores deben ser interpretadas de xeito flexible xa que unicamente definen un horizonte e un rango posible de valores que orientará sen constrinxir rixidamente a xestión dos recursos e activos da cooperación galega por parte da DXRREE e UE.

Con base nestes principios, o III Plan Director propuxo a seguinte visión para o período 2014-2017:

“Mediante unha cooperación e axuda eficaz e de calidade, a cooperación galega ten contribuído á redución da pobreza e da desigualdade colaborando coa consecución dos obxectivos internacionais de desenvolvemento, fortalecendo o pleno exercicio dos dereitos e os procesos de desenvolvemento humano sostible liderados polos países socios, e promovendo unha cidadanía global concienciada, crítica, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global”

Co fin de harmonizar a **visión** da Cooperación Galega coa expresada na Axenda 2030, a DXRREE e UE realiza a seguinte proposta para o IV Plan Director:

“A sociedade galega aspira a conseguir un mundo onde as persoas estean primeiro, onde ningunha persoa é deixada atrás, onde a prosperidade é compartida por todas as persoas e comunidades, que respecta e conserva o planeta, onde se consolida e constrúe a paz baseada na xustiza, e onde traballamos conxuntamente e en asociación para construílo”.

Nesta visión sintetízanse as cinco esferas da Axenda 2030: persoas, planeta, prosperidade, paz e alianzas. Estas esferas constitúen o núcleo da vixente axenda global para a consecución dun desenvolvemento humano sostible. Ao tempo, esta visión debe complementarse coas cinco **prioridades transversais** da Cooperación Galega:

1. A loita contra a pobreza.
2. A equidade de xénero.
3. A defensa da sustentabilidade ambiental.
4. O respecto polos dereitos humanos.
5. A defensa da interculturalidade.

Non obstante, a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible motiva que, de cara ao IV Plan Director, a DXREE e UE realice a seguinte proposta de prioridades transversais da Cooperación Galega que inclúen dúas novas prioridades: a equidade e loita contra as desigualdades e mais a construción de resiliencia.

- 1. A loita contra a pobreza multidimensional.**
- 2. A equidade de xénero.**
- 3. A defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático.**
- 4. O respecto polos dereitos humanos.**
- 5. O respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade.**
- 6. A equidade e a loita contra as desigualdades.**
- 7. A construción de resiliencia.**

3. Previsibilidade dos recursos orzamentarios

As previsións orzamentarias do III Plan Director da Cooperación Galega definíronse sobre a necesidade de frear o proceso de volatilidade orzamentaria que sufriu o programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento entre 2010 e 2013. Con este fin, o indicador I.1.3.1. estableceu un mínimo de volume de fondos anual.

“I.1.3.1. O programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014.”

Este mínimo de fondos anual quedou fixado en 2014 en 4.143.379 €. A partir deste orzamento inicial, o programa 331A incrementouse nun 9% entre 2014 e 2017, sendo aprobados 4.512.744 € para o devandito programa na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017.

Neste ano 2018, primeiro ano de vixencia do IV Plan Director, o programa 331A conta cunha dotación inicial de 5.027.160 €, un 21% máis que en 2014 e un 11,4% máis que en 2017.

Para o período 2018-2021, os recursos orzamentarios dispoñibles definiranse tomando como base a dotación orzamentaria do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento aprobado na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018 e garantindo un crecemento anual igual ou superior ao 11,4% tal e como foi comprometido pola Xunta de Galicia aos axentes de cooperación. Con este fundamento, súxírese o seguinte indicador orzamentario do IV Plan Director:

“O programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018 (5.027.160 €), garantíndose un crecemento anual deste programa igual o superior ao 11,4%”

Xa que logo, na hipótese dun crecemento estable do programa 331A, a Cooperación Galega estaría dotada anualmente como mínimo coa seguinte dotación de fondos:

% Crecemento mínimo anual do programa 331A	2018	2019	2020	2021	AOD total 2018-2021	Crecemento cuadrienal respecto 2014-2017
11,4%	5.027.160 €	5.600.256 €	6.238.685 €	6.949.896 €	23.815.997 €	29%

Nestas cantidades non se inclúen os gastos relativos ao capítulo II (Gastos Correntes) nin os posibles desembolsos realizados por outros departamentos da Xunta de Galicia que no período 2014-2017 ascenderon conxuntamente a un total de 1,7 millóns de euros.

4. Prioridades xeográficas da cooperación galega

O III Plan Director facilitou a concentración xeográfica da axuda galega de tal xeito que un 95% da axuda en cooperación ao desenvolvemento se desembolsou nos 10 países prioritarios da Cooperación Galega (Cabo Verde, Mozambique, Bolivia, Ecuador, Perú, República Dominicana, Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador).

De cara ao IV Plan Director da Cooperación Galega, a DXRREE e UE suxire a candidatura de ao menos **10 países prioritarios**:

África: Cabo Verde e Mozambique

América do Sur: Bolivia, Ecuador e Perú

Caribe: República Dominicana

América Central: Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.



Mapa 1: Países prioritarios candidatos da Cooperación Galega, 2018-2021

De todos os xeitos, a DXRREE e UE está aberta a valorar a inclusión de novos países ou a substitución dalgún dos suxeridos, sempre e cando a proposta de inclusión/substitución reposte a unha demanda conxunta dos axentes galegos, promova as vantaxes comparativas da Cooperación Galega e se axuste aos criterios que se enumeran a seguir.

Os criterios empregados para suxerir estes países como candidatos son:

- a) *Unha maior concentración dos recursos de cooperación.*

Os dez países suxeridos como prioritarios teñen concentrado o 95% dos desembolsos da axuda galega no exterior en cooperación ao desenvolvemento entre 2014 e 2017.

Non obstante, tanto no caso de Cabo Verde como Ecuador, no período 2014-2017 unicamente se financiaron proxectos universitarios de cooperación no eido da pesca e do desenvolvemento territorial. Xa que logo, será preciso analizar os incentivos e previsións a medio prazo dos axentes da Cooperación Galega para a súa actuación

nos devanditos países co fin de asentar programas de cooperación máis sólidos cunha presenza máis plural de actores con proxectos financiados pola Xunta de Galicia.

Ao tempo, o novo Plan Director debe avanzar na definición, en diálogo cos axentes de cooperación, de preferencias en relación a áreas xeográficas ou unidades administrativas inferiores á estatal naqueles países prioritarios nos cales sexa posible.

b) Prestar unha atención adecuada aos países menos adiantados.

A concentración dos recursos de cooperación da Xunta de Galicia dirixirase aos países de renda media baixa e alta, na liña da orientación global da cooperación española. A cooperación galega atenderá aos países menos adiantados a través das intervencións en Mozambique así como nos países destinatarios da súa acción humanitaria.

No IV Plan Director manterase o recoñecemento dos PMA nas convocatorias públicas de axudas en cooperación ao desenvolvemento mediante a asignación da mesma puntuación que a outorgada ós países prioritarios.

c) Dar continuidade ás alianzas de traballo cos Países africanos de lingua oficial portuguesa (PALOP)

A Estratexia galega de acción exterior “Horizonte post2020” da Xunta de Galicia aprobada en decembro de 2017 destaca a necesidade de profundar a acción exterior de Galicia no ámbito lusófono de África Subsahariana, como é o caso de Angola, Cabo Verde, Guinea-Bissau e Sao Tomé e Príncipe. Neste contexto cómpre trasladar á cooperación ao desenvolvemento o disposto na *Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*, que establece no seu artigo 3º: “Deberán ser promovidas, así mesmo, as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do Goberno galego”. Xa que logo, tendo en conta que a experiencia da Cooperación Galega no ámbito lusófono no II e III Plan Director se centra en Mozambique, Guinea-Bissau e Cabo Verde, o IV Plan Director debe recoñecer o valor e experiencia de traballo nestes países socios da acción exterior galega. Neste senso recoñece a Cabo Verde e Mozambique como países prioritarios da Cooperación Galega.

No caso de Guinea-Bissau, a súa condición de PMA permite que as propostas de actuación dos axentes galegos reciban a mesma valoración que as presentadas en países prioritarios nas convocatorias públicas de axudas en cooperación.

d) Aproveitar as vantaxes comparativas da cooperación galega.

Ao tratarse dunha cooperación maioritariamente canalizada a través de ONGD a selección dos países prioritarios centrouse naqueles países onde estes actores presentan maiores capacidades para a xeración de alianzas cos seus socios de desenvolvemento. Ao tempo, seleccionáronse aqueles países que demandan intervencións en eidos nos que Galicia presenta vantaxes comparativas: agricultura e desenvolvemento rural; pesca e acuicultura; xestión integral e gobernanza de recursos hídricos; habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento;

educación ou saúde e políticas/programas sobre poboación e saúde sexual e reprodutiva; e fortalecemento da sociedade civil e empoderamento das mulleres.

Por último, Centroamérica, a área andina e os países lusófonos de África Subsahariana poderán ser obxecto de intervencións plurinacionais nos sectores de especialización da Cooperación Galega.

- e) *Fomentar a complementariedade con outros doadores do sistema español de cooperación.*

Os países prioritarios escolleitos coinciden cos países de asociación da cooperación española facilitando a creación de oportunidades para o traballo complementario con outras cooperación autónomas e coa cooperación española dentro da estratexia definida nos correspondentes Marcos de Asociación País e Acordos de Nova Xeración.

Táboa 1: Comparativa de países prioritarios candidatos da Cooperación Galega e prioridades xeográficas e marco de programación da Cooperación Española, 2018-2021

País	V Plan Director Cooperación Española	Marco de programación da Cooperación Española
Bolivia	País de Asociación de Renda Media	Marco de Asociación País
Cabo Verde	País de Cooperación Avanzada	Acordo de Nova Xeración
Ecuador	País de Asociación de Renda Media	Marco de Asociación País
Guatemala	País de Asociación de Renda Media	Marco de Asociación País
Honduras	País de Asociación de Renda Media	Marco de Asociación País
Mozambique	País de Asociación Menos Avanzado	Marco de Asociación País
Nicaragua	País de Asociación de Renda Media	Marco de Asociación País
O Salvador	País de Asociación de Renda Media	Marco de Asociación País
Perú	País de Asociación de Renda Media	Marco de Asociación País
República Dominicana	País de Asociación de Renda Media	Marco de Asociación País

- f) *Profundar na especialización do traballo sectorial da Cooperación Galega nos países prioritarios*

A Cooperación Galega opera como unha cooperación indirecta e a demanda que se caracteriza pola canalización maioritaria dos recursos desembolsables en cooperación exterior a través de convocatorias públicas de axudas e pola concentración da xestión da axuda de xeito indirecto a través das ONGD, principais aliados da DXRREE e UE. Estas características motivan que as prioridades sectoriais da Cooperación Galega veñan determinadas pola especialización dun grupo selectivo de ONGD e axentes galegos de cooperación nos devanditos sectores. De vez, a planificación estratéxica xeográfica e sectorial das ONGD opera selectivamente sobre as tendencias de concentración xeográfica e sectorial da cooperación galega ao desenvolvemento.

Xa que logo, e malia o sistema de incentivos previstos nas convocatorias de axudas, a determinación das preferencias sectoriais e xeográficas en cada un dos países

prioritarios fica condicionada a un diálogo e negociación coas ONGD e axentes de cooperación en función da súa propia planificación operativa nos vindeiros catro anos.

De todos os xeitos, a análise dos datos dos proxectos financiados nos países prioritarios da Cooperación Galega entre 2010 e 2017 permiten suxerir os seguintes sectores e ODS como preferentes en cada país.

Táboa 2: Sectores preferentes candidatos nos países prioritarios da Cooperación Galega e vinculación cos ODS, 2018-2021

País	Sector preferente	Obxectivo de Desenvolvemento Sostible
Bolivia	<ol style="list-style-type: none"> 1. Agricultura e desenvolvemento rural 2. Soberanía alimentaria 3. Educación 4. Saúde 5. Fortalecemento da sociedade civil e empoderamento das mulleres 	<ul style="list-style-type: none"> – ODS 2, ODS 8, ODS 11, ODS 15 – ODS 2 – ODS 4 – ODS 3 – ODS 16, ODS 5
Cabo Verde	<ol style="list-style-type: none"> 1. Educación universitaria 2. Pesca e acuicultura 3. Fortalecemento institucional 	<ul style="list-style-type: none"> – ODS 4 – ODS 14 – ODS 16
Ecuador	<ol style="list-style-type: none"> 1. Agricultura e desenvolvemento rural 2. Educación 3. Fortalecemento da sociedade civil e empoderamento das mulleres 	<ul style="list-style-type: none"> – ODS 2, ODS 8, ODS 11, ODS 15 – ODS 4 – ODS 16, ODS 5
Guatemala	<ol style="list-style-type: none"> 1. Habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento 2. Educación 3. Agricultura e desenvolvemento rural 4. Saúde sexual e reprodutiva 5. Saúde 6. Fortalecemento da sociedade civil e empoderamento das mulleres 	<ul style="list-style-type: none"> – ODS 6, ODS 11 – ODS 4 – ODS 2, ODS 8, ODS 11, ODS 15 – ODS 3, ODS 5 – ODS 3 – ODS 16, ODS 5
Honduras	<ol style="list-style-type: none"> 1. Abastecemento de auga e saneamento 2. Agricultura e desenvolvemento rural 3. Fortalecemento da sociedade civil e empoderamento das mulleres 	<ul style="list-style-type: none"> – ODS 6 – ODS 2, ODS 8, ODS 11, ODS 15 – ODS 16, ODS 5
Mozambique	<ol style="list-style-type: none"> 1. Xestión integral e gobernanza de recursos hídricos/ abastecemento de auga e saneamento 2. Saúde sexual e reprodutiva 3. Pesca e acuicultura 4. Fortalecemento institucional, da sociedade civil e empoderamento das mulleres 	<ul style="list-style-type: none"> – ODS 6 – ODS 3, ODS 5 – ODS 14 – ODS 16, ODS 5
Nicaragua	<ol style="list-style-type: none"> 1. Educación 2. Agricultura e desenvolvemento rural 3. Pesca e acuicultura 4. Saúde 5. Saúde sexual e reprodutiva 6. Fortalecemento da sociedade civil e empoderamento das mulleres 	<ul style="list-style-type: none"> – ODS 4 – ODS 2, ODS 8, ODS 11, ODS 15 – ODS 14 – ODS 3 – ODS 5, ODS 3 – ODS 16, ODS 5
O Salvador	<ol style="list-style-type: none"> 1. Pesca e acuicultura 2. Educación 3. Agricultura e desenvolvemento rural 4. Fortalecemento da sociedade civil e empoderamento das mulleres 	<ul style="list-style-type: none"> – ODS 14 – ODS 4 – ODS 2, ODS 8, ODS 11, ODS 15 – ODS 16, ODS 5

Perú	<ol style="list-style-type: none"> 1. Agricultura e desenvolvemento rural 2. Pesca e acuicultura 3. Educación 4. Fortalecemento da sociedade civil e empoderamento das mulleres 	<ul style="list-style-type: none"> – ODS 2, ODS 8, ODS 11, ODS 15 – ODS 14 – ODS 4 – ODS 16, ODS 5
República Dominicana	<ol style="list-style-type: none"> 1. Habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento 2. Saúde 3. Educación 4. Fortalecemento da sociedade civil e empoderamento das mulleres 	<ul style="list-style-type: none"> – ODS 6, ODS 11 – ODS 3 – ODS 4 – ODS 16, ODS 5

Por outra banda, a finalización das Iniciativas de Desenvolvemento Integral (IDI) en Guatemala e República Dominicana demandan unha análise e un diálogo dos axentes de cooperación verbo da focalización sectorial e localización dos proxectos financiados pola Cooperación Galega, aspecto especialmente necesario no caso de República Dominicana.

En conclusión, tanto os procesos de concentración xeográfica como de especialización sectorial deben conducir a **un modelo de cooperación baseado na xeración de alianzas territoriais multinivel e multiactor en áreas xeográficas concretas a nivel sub-estatal** nas que operativizar as vantaxes comparativas e o valor engadido da Cooperación Galega en asociación cos parceiros locais de desenvolvemento.

5. Distribución da axuda no exterior

Neste novo ciclo de planificación, a DXRREE e UE suxire, en relación á distribución da axuda no exterior unha concentración mínima dos recursos nos países prioritarios no eido da cooperación ao desenvolvemento do 90%.

Se atendemos ao conxunto da acción exterior (cooperación e acción humanitaria), aumentarase a axuda desembolsada nos Países Menos Adiantados até acadar como mínimo o 20-25% do total desembolsado no exterior.

Por outra banda, a cooperación galega destinará a acción humanitaria o 20% do total da axuda desembolsada no exterior.

Estas porcentaxes suxiren que durante a vixencia do IV Plan Director aumentarase a concentración da axuda galega nos PMA e en África Subsahariana, en coherencia coas prioridades estratéxicas da cooperación europea e española.

6. Distribución da axuda por áreas

Co fin de fornecer as fontes de especialización sectorial da cooperación galega, o IV Plan Director suxire a seguinte distribución sectorial da axuda distribuíble a través de convocatorias e convenios.

Táboa 3: Proposta de distribución da axuda desembolsable da DXRREE e UE por sectores, 2018-2021

Sector		III Plan Director % prevista	III Plan Director % executada	IV Plan Director % proposta
A	Cobertura de necesidades sociais básicas	25-30%	32%	30-35%
B	Desenvolvemento económico local	25-30%	18%	15-20%
C	Participación social, empoderamento e dereitos das mulleres, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz	7-10%	6%	10-15%
D	Acción humanitaria	8-10%	14%	10-15%
E	Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	8-10%	13%	10-15%
F	Investimento no ser humano	4-5%	8%	5-10%
G	Xestión ambiental sostible, hábitat e loita contra o cambio climático	3-4%	0%	1-5%
H	Consolidación e fortalecemento de axentes	4-5%	6%	5-10%
I	Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores	1%	3%	1%

As principais modificacións propostas con respecto do III Plan Director acontecen nos seguintes sectores:

- Crecedemento do rango no sector de cobertura de necesidades sociais básicas nos cales se concentran principalmente os sectores de especialización da cooperación galega (educación, saúde e programas/políticas sobre saúde sexual e reprodutiva, xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento).
- Diminución do rango no sector de desenvolvemento económico local no que se integran os sectores de pesca e acuicultura, agricultura e desenvolvemento rural, sectores de especialización da cooperación galega.
- Crecedemento no sector de participación social, empoderamento e dereitos das mulleres, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz. A construción de resiliencia -elemento nuclear da Axenda 2030- e as características da cooperación galega, xestionada maioritariamente por ONGD, motivan que en practicamente a totalidade dos proxectos financiados se inclúan actividades de fortalecemento da sociedade civil dos países socios, de empoderamento das mulleres e de exercicio dos dereitos humanos das persoas. Non obstante, financiaranse actuacións específicas no eido do fortalecemento da sociedade civil e empoderamento das mulleres e nenas a través da súa consideración como sector de especialización da cooperación galega.
- Crecedemento do rango en acción humanitaria para salientar o compromiso da cooperación galega con este eido de actuación.

- e) Crecemento do rango en educación para o desenvolvemento e a cidadanía global como expresión da aposta por este sector como eido de especialización da cooperación galega a través da execución da Estratexia galega de educación para o desenvolvemento.
- f) Crecemento do rango en investimento no ser humano por canto neste sector se integra a educación técnica e universitaria e as bolsas de formación de persoas expertas.
- g) Acomodación do rango no sector de xestión ambiental sostible, hábitat e loita contra o cambio climático xa que numerosas intervencións teñen integrado este compoñente mais sen que este represente o principal destino do investimento da actuación.

7. Especialización sectorial da cooperación galega

O IV Plan Director profundará na especialización sectorial da cooperación galega suxerindo unha concentración do 90% dos recursos desembolsables no exterior en cooperación ao desenvolvemento en **oito sectores**.

Táboa 4: Proposta de distribución da axuda desembolsable da DXRREE e UE por sectores de especialización, 2018-2021

Sector de especialización	III Plan Director % executada	IV Plan Director % proposta
1. Agricultura e desenvolvemento rural	14%	15-20%
2. Pesca e acuicultura	17%	15-20%
3. Educación	24%	20-25%
4. Xestión integral e gobernanza de recursos hídricos/ abastecemento de auga e saneamento	17%	15-20%
5. Habitabilidade básica	4%	5-10%
6. Saúde xeral e básica	6%	5-10%
7. Programas/políticas sobre poboación e saúde sexual e reprodutiva	10%	5-10%
8. Fortalecemento da sociedade civil e empoderamento das mulleres e nenas	9%	10-15%

Como xa indicamos, o enfoque de construción de resiliencia e as características da cooperación galega, xestionada maioritariamente por ONGD, motivan que no IV Plan Director se inclúa como sector de especialización o fortalecemento da sociedade e o empoderamento das mulleres e nenas nas comunidades e países socios da Cooperación Galega.

De vez, estes sectores de especialización contribúen directamente ao cumprimento dos seguintes **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible**.

Táboa 5: Vinculación dos sectores de especialización da Cooperación Galega cos ODS, 2018-2021

Sector de especialización	Obxectivos de Desenvolvemento Sostible
1. Agricultura e desenvolvemento rural	ODS 1 ODS 2 ODS 8 ODS 11 ODS 12 ODS 15
2. Pesca e acuicultura	ODS 1 ODS 2 ODS 8 ODS 12 ODS 14
3. Educación	ODS 4
4. Xestión integral e gobernanza de recursos hídricos/ abastecemento de auga e saneamento	ODS 6
5. Habitabilidade básica	ODS 11
6. Saúde xeral e básica	ODS 3
7. Programas/políticas sobre poboación e saúde sexual e reprodutiva	ODS 3 ODS 5
8. Fortalecemento da sociedade civil e empoderamento das mulleres	ODS 16 ODS 5

Por outra banda, estes sectores de especialización contribúen, a nivel xeral, á realización do dereito humano ao desenvolvemento e, a nivel particular, á realización, entre outros, dos seguintes **dereitos humanos**.

Táboa 6: Vinculación dos sectores de especialización da Cooperación Galega cos Dereitos Humanos, 2018-2021

Sector de especialización	Dereitos Humanos
- Agricultura e desenvolvemento rural	- Dereito a un nivel de vida adecuado e a medios de subsistencia - Dereito á alimentación
- Pesca e acuicultura	- Dereito a un nivel de vida adecuado e a medios de subsistencia - Dereito á alimentación
- Educación	- Dereito á educación
- Xestión integral e gobernanza de recursos hídricos/ abastecemento de auga e saneamento	- Dereito á auga potable e ao saneamento
- Habitabilidade básica	- Dereito á vivenda adecuada e digna
- Saúde xeral e básica	- Dereito á saúde
- Programas/políticas sobre poboación e saúde sexual e reprodutiva	- Dereito á saúde - Dereito á igualdade e non discriminación
- Fortalecemento da sociedade civil e empoderamento das mulleres e nenas	- Dereito á participación social e política - Dereito á igualdade e non discriminación

Esta proposta de especialización sectorial resulta coherente co modelo específico de localización dos ODS nos gobernos sub-estatais na acción exterior en cooperación para o desenvolvemento con base nas súas vantaxes comparativas.

Figura 3: Os gobernos sub-estatais ante a axenda dos ODS



Fonte: Guillermo Santander e Jorge A. Pérez (2018)

Con respecto deste modelo, a Cooperación Galega reforza o seu compromiso co desenvolvemento económico local a través da súa especialización sectorial en pesca e acuicultura e mais en agricultura e desenvolvemento rural, xa que estes sectores xeran efectos multiplicadores tanto na erradicación da fame como na seguridade e soberanía alimentarias. De vez, estes sectores promoven un crecemento económico inclusivo no marco da promoción do emprego e do traballo decente e da sustentabilidade ambiental dos territorios e océanos.

Ademais, o ODS 4 inclúe unha meta referida á educación para o desenvolvemento sostible e para a cidadanía global de tal xeito que reforza a construción de cidadanía e o seu dereito á participación sociopolítica como se establece no marco definido pola Estratexia galega de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

8. Colectivos prioritarios da Cooperación Galega

O principio de “non deixar a ningunha persoa atrás” da Axenda 2030 determina que se deba promover unha visión integral e universalista que atenda ás necesidades e realización de dereitos de toda a cidadanía. De todos os xeitos, a propia Axenda salienta a necesidade de atender preferentemente aos grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinação, exclusión ou discriminación.

Por este motivo, o IV Plan Director prestará unha atención preferente aos seguintes grupos de poboación:

- As mulleres e nenas, con especial atención ás que vivan en zonas desfavorecidas e sen recursos, e poidan ser obxecto de diversas discriminacións.

- A infancia e mocidade, con especial atención á infancia e mocidade en risco ou con discapacidade, á loita contra a explotación infantil, ás persoas menores excluídas do sistema educativo e á mocidade excluída do mercado de traballo.
- A poboación indíxena e/ou afrodescendente e minorías étnicas e, dentro delas, os grupos que poden ser obxecto de maior discriminación (mulleres, nenas, persoas con discapacidade, etc.).
- As persoas con discapacidade, as persoas maiores dependentes e as persoas doentes sen recursos, especialmente as que poden ser obxecto de diversas discriminacións.
- A poboación refuxiada ou desprazada ou en situación de retorno ou reasentamento por razóns políticas, económicas, sociais ou medioambientais.

9. A xeración de incentivos a través das convocatorias de axudas

A cooperación galega seguirá a canalizar de xeito maioritario a súa axuda a través de convocatorias públicas de axudas en concorrencia competitiva aos diferentes axentes de cooperación. Neste senso suxírese unha **distribución da axuda total desembolsable de entre o 65-75% a través de convocatorias e de entre o 25-35% a través de convenios.**

Ao tempo, as convocatorias seguirán a manter os incentivos para:

- a) Favorecer a concentración xeográfica da axuda en cooperación ao desenvolvemento nos países prioritarios e/ou nos PMA.
- b) Reforzar a especialización sectorial da Cooperación Galega para o cumprimento dos ODS.
- c) Fomentar as agrupacións de actores nas convocatorias aos axentes de cooperación, de tal xeito que representen entre o 20 e o 30% da axuda desembolsable a través das convocatorias de cooperación e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
- d) Financiar intervencións en cooperación e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global integradas en estratexias ou proxectos dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas superando o carácter puntual das actuacións.
- e) Manter a aposta polo fortalecemento da capacidade dos actores de cooperación a través da preservación do criterio de subvencionar os gastos de persoal até o 70% do custe total do proxecto.

10. Marco instrumental da Cooperación Galega

En función das disponibilidades orzamentaria, entre 2018 e 2021 financiaranse intervencións a través das seguintes convocatorias de axudas:

- 1. Proxectos no exterior de ONGD.**
- 2. Proxectos no exterior outros axentes.**
- 3. Acción Humanitaria de ONGD.**
- 4. Actividades de educación para o desenvolvemento e a cidadanía Global de ONGD.**
- 5. Investigación para o Desenvolvemento para investigadores/as e grupos de investigación das universidades do Sistema Universitario Galego.**
- 6. Bolsas de formación de expertos/as.**
- 7. Consolidación e fortalecemento de ONGD.**

Durante a vixencia do IV Plan Director desenvolverase un proceso de revisión das necesidades de fortalecemento dos axentes de cooperación, especialmente das ONGD, co fin de acomodar a convocatoria de consolidación e fortalecemento de ONGD e os convenios de fortalecemento a aqueles ámbitos que teñan efectos multiplicadores no reforzamento da capacidade dos actores e axentes galegos de cooperación. Este proceso realizarase a través do diálogo, participación e negociación co conxunto de axentes e actores de cooperación.

Por último, os **convenios** a través dos cales a DXRREE e UE artella a súa cooperación directa poderanse empregar nas seguintes circunstancias:

- a) Cando a urxencia e excepcionalidade das circunstancias non permitan empregar os procedementos regulados mediante convocatoria ordinaria.
- b) Cando se definan accións cun alcance temporal medio e longo que requiran un marco de actuación previamente establecido.
- c) Sempre que se acorden accións conxuntas con entidades que, pola súa natureza, non se poden acoller ás vías normalizadas de acceso a recursos públicos mediante convocatorias.
- d) Cando se trate da promoción de proxectos ou programas de carácter rexional baseados na cooperación Sur-Sur e en promover a xeración de coñecemento a través do intercambio de experiencias nas prioridades sectoriais

Xa que logo, polo seu valor estratéxico, manteranse os convenios asinados coa Coordinadora Galega de ONGD, o Fondo Galego, o Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) e as universidades do Sistema Universitario Galego, e as achegas ao Fondo Humanitario Común da AECID e Comunidades Autónomas. Ao tempo, as achegas con orientación multilateral da Cooperación Galega materializaranse en convenios específicos con organizacións vencelladas ao sistema das Nacións Unidas como UNICEF, UNRWA ou ACNUR.

Táboa 7: Comparativa entre o III Plan Director da Cooperación Galega e proposta marco para o IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021)

	III Plan Director da Cooperación Galega	IV Plan Director da Cooperación Galega
Misión	Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas, que se reflicten na redución da pobreza e das desigualdades e mais na promoción do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible das persoas, dos países e comunidades cos que se asocia a Cooperación Galega.	Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, construír a resiliencia de persoas e comunidades, reducir as desigualdades, promover os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e favorecer modelos de produción e de consumo sostibles e a conservación do planeta. As accións da Cooperación Galega orientaranse tanto á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para a realización do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible dos países e comunidades cos que se asocia a cooperación galega como á construción dunha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.
Visión	Mediante unha cooperación e axuda eficaz e de calidade, a Cooperación Galega ten contribuído á redución da pobreza e das desigualdades colaborando coa consecución dos obxectivos internacionais de desenvolvemento, fortalecendo o pleno exercicio dos dereitos e os procesos de desenvolvemento humano sostible das persoas liderados polos países socios, e promovendo unha cidadanía global concienciada, crítica, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.	A sociedade galega aspira a conseguir un mundo onde as persoas estean primeiro, onde ningunha persoa é deixada atrás, onde a prosperidade é compartida por todas as persoas e comunidades, que respecta e conserva o planeta, onde se consolida e constrúe a paz baseada na xustiza, e onde traballamos conxuntamente e en asociación para construílo.
Previsibilidade dos recursos orzamentarios	I.1.3.1. O programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014.	O programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018 (5.027.160 €), garantíndose un crecemento anual deste programa igual o superior ao 11,4%.
Países prioritarios en cooperación ao desenvolvemento	10 países: África: Cabo Verde e Mozambique América do Sur: Bolivia, Ecuador e Perú Caribe: República Dominicana América Central: Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.	10 países: África: Cabo Verde e Mozambique América do Sur: Bolivia, Ecuador e Perú Caribe: República Dominicana América Central: Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.
Distribución da axuda desembolsada no exterior por países e actividades	Países prioritarios: Desembolsouse o 95% da axuda en cooperación. Países Menos Adiantados: Desembolsouse o 20% da axuda no exterior. Cooperación ao desenvolvemento: Desembolsouse o 81% da axuda no exterior. Acción humanitaria: Desembolsouse o 19% da axuda no exterior.	Países prioritarios: 90% como mínimo da axuda en cooperación. Países Menos Adiantados: 20-25% como mínimo da axuda desembolsada no exterior. Cooperación ao desenvolvemento: 80% da axuda desembolsada no exterior. Acción humanitaria: 20% da axuda desembolsada no exterior.

	Sector		Sector			
		%		%		
Distribución sectorial <i>% en relación á axuda total desembolsable por convocatorias e convenios</i>	A	Cobertura de necesidades sociais básicas	32%	A	Cobertura de necesidades sociais básicas	30-35%
	B	Desenvolvemento económico local	18%	B	Desenvolvemento económico local	15-20%
	C	Participación social, empoderamento e dereitos das mulleres, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz	6%	C	Participación social, empoderamento e dereitos das mulleres, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz	10-15%
	D	Acción humanitaria	14%	D	Acción humanitaria	10-15%
	E	Educación para o desenvolvemento	13%	E	Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	10-15%
	F	Investimento no ser humano	8%	F	Investimento no ser humano	5-10%
	G	Xestión ambiental sostible e hábitat	0%	G	Xestión ambiental sostible, hábitat e loita contra o cambio climático	1-5%
	H	Consolidación e fortalecemento de axentes	6%	H	Consolidación e fortalecemento de axentes	5-10%
	I	Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores	3%	I	Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores	1%
Distribución por sectores de especialización no exterior da cooperación galega	Destino do 91% dos recursos desembolsados no exterior en cooperación			Destino do 80-90% dos recursos desembolsados no exterior en cooperación		
	7 sectores de especialización en cooperación ao desenvolvemento			8 sectores de especialización en cooperación ao desenvolvemento. Novo sector: fortalecemento da sociedade civil e empoderamento das mulleres.		
	Sector de especialización		% executada	Sector de especialización		% proposta
	1.	Agricultura e desenvolvemento rural	14%	1.	Agricultura e desenvolvemento rural	15-20%
	2.	Pesca e acuicultura	17%	2.	Pesca e acuicultura	15-20%
	3.	Educación	24%	3.	Educación	20-25%
	4.	Xestión integral e gobernanza de recurso hídricos/ abastecemento de auga e saneamento	17%	4.	Xestión integral e gobernanza de recurso hídricos/ abastecemento de auga e saneamento	15-20%
	5.	Habitabilidade básica	4%	5.	Habitabilidade básica	5-10%
	6.	Saúde xeral e básica	6%	6.	Saúde xeral e básica	5-10%
	7.	Programas/políticas sobre poboación e saúde reprodutiva	10%	7.	Programas/políticas sobre poboación e saúde reprodutiva	5-10%
				8.	Fortalecemento da sociedade civil e empoderamento das mulleres	10-15%
Distribución convocatorias-convenios	Convocatorias: Desembolsouse o 77% da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios.			Convocatorias: 65-75% da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios.		
	Convenios: Desembolsouse o 23% da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios.			Convenios: 25-35% da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios.		

Distribución proxectos individuais-agrupados	Proxectos en agrupación: Desembolsouse un 23% do total das axudas a proxectos en agrupación a través de convocatorias e un 25% das axudas a proxectos en agrupación a través de convenios.	Proxectos en agrupación: 20-30% do total da axuda desembolsable a través de convocatorias.
Actuacións integradas en marcos de planificación a medio prazo	Actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas: Desembolsouse o 51% do total en cooperación ao desenvolvemento.	Actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas: 20-30% do total desembolsado en cooperación ao desenvolvemento e en educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
Fortalecemento de capacidade dos actores de cooperación	Gasto financiable en recursos humanos nos proxectos: até o 70% do custe total do proxecto	Gasto financiable en recursos humanos nos proxectos: até o 70% do custe total do proxecto
Convocatorias públicas de axudas	<ul style="list-style-type: none"> • Proxectos no exterior de ONGD • Proxectos no exterior outros axentes • Microproxectos no exterior • Convocatoria Aberta e Permanente de Acción Humanitaria por ONGD • Consolidación e fortalecemento de ONGD • Educación para o Desenvolvemento e cidadanía global de ONGD. • Investigación para o Desenvolvemento para investigadores/as e grupos de investigación das universidades do Sistema Universitario Galego. • Bolsas de formación de expertos/as 	<ul style="list-style-type: none"> • Proxectos no exterior de ONGD • Proxectos no exterior outros axentes • Acción Humanitaria de ONGD • Educación para o Desenvolvemento e cidadanía global de ONGD • Investigación para o Desenvolvemento para investigadores/as e grupos de investigación das universidades do Sistema Universitario Galego. • Bolsas de formación de expertos/as • Consolidación e fortalecemento de ONGD
Convenios estratéxicos	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinadora Galega de ONGD • Fondo Galego • Universidades do Sistema Universitario Galego • Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) • Fondo Humanitario Común da AECID • Organizacións vencelladas ao sistema das Nacións Unidas (UNICEF, UNRWA, ACNUR) 	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinadora Galega de ONGD • Fondo Galego • Universidades do Sistema Universitario Galego • Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) • Fondo Humanitario Común da AECID • Organizacións vencelladas ao sistema das Nacións Unidas (UNICEF, UNRWA, ACNUR)
Xestión do coñecemento e rendición de contas	<ul style="list-style-type: none"> • Informes anuais • Avaliación intermedia e final do III Plan Director. • Avaliacións de intervencións en cooperación ao desenvolvemento e educación para o desenvolvemento. • Estudos e investigacións sobre a cooperación galega. • Estratexia galega de educación para o desenvolvemento. 	<ul style="list-style-type: none"> • Informes anuais • Estratexia para a implementación da axenda 2030 pola Xunta de Galicia. • Estratexia galega de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global. • Avaliación intermedia e final do IV Plan Director. • Plan anual de avaliacións das intervencións nos eidos de cooperación ao desenvolvemento e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

	<ul style="list-style-type: none">• Encontro para a difusión dos resultados da avaliación ex-post dos proxectos de cooperación en Ecuador financiados pola Cooperación Galega e da estratexia galega de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.• Nova web da Cooperación Galega• Accións de comunicación pública dos logros colectivos da Cooperación Galega.• Visitas aos proxectos de cooperación polos responsables da Cooperación Galega.	<ul style="list-style-type: none">• Estudos e investigacións sobre o sector da cooperación en Galicia.• Encontros públicos para a socialización dos resultados das avaliacións e investigacións financiadas pola Cooperación Galega.• Actualización da información dispoñible na web da Cooperación Galega• Accións de comunicación pública dos logros colectivos da Cooperación Galega.• Visitas aos proxectos de cooperación polos responsables da Cooperación Galega.
--	---	--